

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 30 DE XANEIRO DE 2024

PRESIDENTE:

O alcalde en funcións, D. Juan González Leirós (*R.A. nº 2112/2023, do 28 de decembro*)

ASISTENTES:

D. Diego Alcantarilla Rei
D.^a María Dolores Pan Lesta
D.^a María Mercedes Prieto Lamas
D. Daniel Mallo Castro
D.^a Patricia María Parceró Quiñoy
D. David López Saborido

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día vinte e tres de xaneiro de dous mil vinte e catro, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións, D. Juan González Leirós (*Resolución da Alcaldía nº 2112/2023, do 28 de decembro*), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Diego Alcantarilla Rei, D.^a María Dolores Pan Lesta, D.^a María Mercedes Prieto Lamas, D. Daniel Mallo Castro, D.^a Patricia María Parceró Quiñoy e D. David López Saborido.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, orde do 22 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a institucións sen fin de lucro e entidades locais galegas, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT215A). DOG núm. 17, do 24.01.2024.
- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR351F). DOG núm. 17, do 24.01.2024.
- Deputación Provincial da Coruña. Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, resolución de Presidencia 2024/2455 de 24/01/2024, pola que se dispón avocar a aprobación das bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións dirixido ás agrupacións, asociacións e asociacións de agrupacións de voluntarios de Protección Civil da Provincia da Coruña para investimentos durante o ano 2024 e a aprobación das ditas bases. BOP núm. 19, do 25.01.2024.

- Augas de Galicia, resolución do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2024, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301C). DOG núm. 19, do 26.01.2024.
- Consellería de Economía, Industria e Innovación. Xefatura Territorial da Coruña. Servizo de Enerxía e Minas, resolución do 18 de xaneiro de 2024, da Xefatura Territorial da Coruña pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción e a declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución eléctrica no Concello de Cambre (expediente IN-407A 2023/021-1). BOP núm. 21, do 29.01.2024.
- Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, resolución do 26 de xaneiro de 2024 pola que se dá publicidade dos modelos de actas que se utilizarán nas eleccións ao Parlamento de Galicia, convocadas polo Decreto 150/2023, do 25 de decembro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, aprobados pola Xunta Electoral Central. DOG núm. 20, do 29.01.2024.
- Consellería de Sanidade. Orde do 25 de xaneiro de 2024 pola que se determinan os servizos mínimos nos centros sanitarios durante a folga indefinida na empresa Jardincelas, S.L., convocada a partir do día 8 de xaneiro de 2024. DOG núm. 20, do 29.01.2024.
- Augas de Galicia, resolución do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2024, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301D). DOG núm. 20, do 29.01.2024.
- Augas de Galicia, resolución do 29 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301E). DOG núm. 20, do 29.01.2024.
- Deputación Provincial da Coruña. Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes, R.P 2024/3230 de aprobación das bases reguladoras da programación da rede cultural da Deputación da Coruña e convocatoria para 2024. BOP núm. 22, do 30.01.2024.
- Ministerio de Industria e Turismo, resolución do 29 de decembro de 2023, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 21 de decembro de 2021, modificado por Acordo do 29 de decembro de 2023, polo que se fixan os criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. BOE núm. 26, do 30.01.2024.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, que comezan coa resolución de Alcaldía núm. 42/2024, de data 19 de xaneiro, e rematan coa resolución de Alcaldía núm. 67/2024, de data 25 de xaneiro, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
42/2024	19-01-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 23 de xaneiro de 2024
43/2024	19-01-2024	Aprobación da liquidación do Imposto sobre o valor engadido do cuarto trimestre do ano 2023, saldando o importe das cotas de IVE repercutido por 17,78 euros, e o das cotas do IVE soportado por 16.304,64 euros, do que resulta un saldo debedor por IVE a favor do Concello de 16.286,86 euros. Aprobación do mandamento de pago e o pagamento en formalización da devandita liquidación.
44/2024	19-01-2024	Aprobación da liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendas do traballo ao persoal municipal no mes de decembro e aos profesionais e empresas por rendas de actividades profesionais, capital inmobiliario, etc. no cuarto trimestre do ano 2023 polo importe total de 105.975,37 €. Aprobación da proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento.
45/2024	19-01-2024	Comparecer ante o Xulgado do Social nº 1 da Coruña no procedemento ordinario 0000153/2023 interposto por un empregado municipal contra o Concello de Cambre, e adxudicar o contrato menor para a defensa no dito xuízo á empresa ETLABORA GABINETE JURIDICO, S.L. con NIF B27843135, domicilio en Vigo (Pontevedra), no prezo ofertado de 1.700 € sen IVE, 2.057,00 € IVE incluído.
46/2024	22-01-2024	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 25 de xaneiro de 2024
47/2024	23-01-2024	Acordo de inicio de expediente sancionador por presunta infracción á normativa de tráfico. Infractor: C.S.B.
48/2024	23-01-2024	Concesión a H.J.A.C. dunha axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza.
49/2024	23-01-2024	Concesión a M.L.J.P.O. dunha axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza.
50/2024	23-01-2024	Denegación de axuda de emerxencia social a P.G.L. por non cumprir os requisitos establecidos no artigo 22.1 da ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción sociofamiliar para persoas que participen no programa de intervención familiar.
51/2024	23-01-2024	Concesión a M.C.R.R. a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais
52/2024	23-01-2024	Aprobación da realización da actividade "Obradoiros e Xogos no Entroido 2024" e as súas condicións de desenvolvemento
53/2024	24-01-2024	Arquivar o expediente de reposición da legalidade número 2023/1004/000029,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		incoado a C.H.,S.L para que procedese ao peche dos accesos á parcela, habida conta da situación de inseguridade na que se atopaba a edificación sita en Amil, posto que as deficiencias que deron lugar á incoación do dito expediente foron emendadas.
54/2024	24-01-2024	Suspender inmediatamente os actos de construción que está a realizar a entidade A.T.E., SLU, na parcela situada en Seoane, Anceis, consistentes na construción dunha nova infraestrutura de estación base de telecomunicacións con comunicación previa de obras nº 2023/U027/000004 ao terse detectado que o contido da documentación que se acompaña á dita comunicación non se axusta á normativa de aplicación Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística á entidade. Conceder audiencia ao interesado polo prazo de quince días.
55/2024	24-01-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a D.G.G., pola realización de fiestras e furados, así como unha baixante de recollida de augas pluviais da cuberta que son vertidas ao terreo lindeiro, na construción sita en Caneiro, Cambre, sen o preceptivo título habilitante. Conceder audiencia aos interesados polo prazo de 15 días.
56/2024	24-01-2024	Arquivar o expediente de reposición da legalidade número 2022/I004/000037 incoado a C.H., S.L, para a corrección do deficiente estado de seguridade e salubridade no que se atopaba o inmovible sito en Amil, habida conta de que as deficiencias que deron lugar á incoación do dito expediente foron emendadas.
57/2024	24-01-2024	Asignar o número 7-A, á vivenda situada no lugar de Lendoiro, parroquia de Cecebre, CP 15650, Cambre (A Coruña), segundo plano de situación que consta no expediente.
58/2024	24-01-2024	Arquivar o expediente de reposición da legalidade número 2022/I004/000043 incoado a A.,S.A. para a corrección do deficiente estado de conservación no que se atopaba o inmovible sito en Amil, habida conta de que as deficiencias que deron lugar á incoación do dito expediente foron emendadas.
59/2024	24-01-2024	Desestimar as alegacións presentadas por O.C.G. e M.P.V.M.. xa que non desvirtúan os feitos denunciados e requiririlles para que no prazo de 3 meses regularicen as obras obxecto de denuncia, consistentes na nivelación do terreo na parte traseira da súa vivenda, na parcela sita en Eira de Arriba, Cambre.
60/2024	24-01-2024	Arquivar o expediente de reposición da legalidade número 2023/I004/000028, incoado a A.,S.A. para que procedese ao peche dos accesos á parcela, habida conta da situación de inseguridade na que se atopaba a edificación sita en Amil, posto que as deficiencias que deron lugar á incoación do dito expediente foron emendadas.
61/2024	24-01-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a J.B.F. e aos herdeiros de M.E.C.S., pola substitución da cuberta do cerramento de carpintería metálica da vivenda e da construción auxiliar, sitas en Lema, Brexo, sen título habilitante. Conceder audiencia aos interesados polo prazo de 15 días.
62/2024	25-01-2024	Autorización de emisión de certificado electrónico de representante do Concello de Cambre a nome da tesoureira municipal, para os únicos efectos de que sexa empregado no desenvolvemento das súas obrigas, isto dentro das funcións delimitadas que lle atribúe o Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional
63/2024	25-01-2024	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Benestar Social, Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude, Educación e Cultura do día 30 de xaneiro de 2024
64/2024	25-01-2024	Comparecencia no procedemento abreviado número 248/2023 seguido ante o Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña, encomendando a defensa e representación do concello ao letrado de D. Secundino García Uzal , colexiado núm. 1166 do Ilustre Colexio de Abogados de A Coruña e achegándolle copia do expediente.

		Notificar a Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros S.A., a presente resolución, emprazándoa para que poida comparecer como parte demandada. Remitir o expediente administrativo referido ao Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña. Motivo: Reclamación de responsabilidade patrimonial por danos ocasionados nun vehículo, o día 29 de maio de 2020
65/2024	25-01-2024	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Medio Ambiente, Mobilidade, Sanidade, Seguridade Cidadá, Turismo, Patrimonio, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica do día 30 de xaneiro de 2024
66/2024	25-01-2024	Convocatoria de sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros do día 30 de xaneiro de 2024
67/2024	25-01-2024	Comparecer no procedemento abreviado número 215/2023 ante o Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña, encomendando a defensa e representación do concello ao letrado de D. Secundino García Uzal , colexiado núm. 1166 do Ilustre Colexio de Abogados de A Coruña e achegándolle copia do expediente. Notificar a Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros S.A., a presente resolución, emprazándoa para que poida comparecer como parte demandada. Remitir o expediente administrativo referido ao Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña. Motivo: Reclamación responsabilidade patrimonial por danos ocasionados nun vehículo

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo